

INFORME DE VALORACIÓN DO SOLO NO POLÍGONO SRAU OUTEDA-CURRO (BARRO), PARA PROCEDER Á LICITACIÓN DO ALLEAMENTO OU CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE

O Polígono industrial Outeda-Curro conta cunha superficie total de 490.737,22 m² repartidos en 76 parcelas de diferentes usos.

No proceso de licitación anterior e atendendo á conxuntura económica xeral, así como ao exceso de oferta do solo industrial na provincia de Pontevedra e en Galicia en xeral, estableceuse un prezo de valoración do solo de 99 €/m². Este prezo animou aos empresarios, fundamentalmente ao pequeno e mediano empresario, á adquisición de parcelas, sendo na actualidade susceptibles de alleamento e/ou constitución dun dereito de superficie un total de 14 parcelas.

Considerando que a situación económica global na actualidade é similar á dos 4-5 anos anteriores e tendo en conta que actualmente no polígono aínda existen parcelas con superficies comprendidas entre os 2.000 e os 9.000 m² que poden dar resposta a multitude de proxectos empresariais, estimo que o prezo de 99 €/m² é un prezo adecuado á situación económica e cubre un abanico amplo das necesidades dos empresarios e/ou emprendedores. Neste sentido, préstase conformidade á taxación realizada no seu día polo Arquitecto Técnico, D. Benito Castro Estévez, que se considera plenamente aplicable neste momento e que se incorpora ao expediente administrativo da súa razón.

Polo tanto, o prezo de licitación do solo no Polígono Industrial Outeda-Curro cífrase na cantidade de 99 €/m², sen IVE, e de 119,79€/m² co IVE do 21% (20,79 €) incluído.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O Enxeñeiro colaborador do Polígono
Diego de la Mata Pombo

EXPEDIENTE

